

CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE SOLICITUDE DE PRAZA PARA O COMEDOR CURSO 2023-2024

Seguindo o disposto na instrución [pendente de publicación] da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, informamos:

Solicitudes:

Pódense recoller no centro ou na web do colexio as solicitudes do comedor para o curso 2023/24. Terá dereito ao servizo todo o alumnado do centro que pertenza á área de influencia ou aquel alumnado que leve escolarizado un ano no colexio.

Documentación que acompaña á solicitude:

1. Autodeclaración (Anexo II), a recoller no centro coa solicitude ou na web.
2. Os usuarios escolarizados por primeira vez no curso 2023/24 deberán presentar certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que convivan nel. A data de alta debe ter unha antigüidade mínima dun ano.

Non precisan presentar a autodeclaración (con acreditación documental):

1. Familias en situación de exclusión social.
2. Alumnado en acollemento.
3. Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 33%.
4. Alumnado pertencente a familias vítimas de terrorismo ou violencia de xénero. **Número de prazas concedidas: 92** [pendente de confirmación da Instrución]

Selección de usuarios:

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia (con acreditación documental):

1. Alumnado usuario do comedor no curso anterior.
2. Alumnado con irmáns/ás que solicitan o uso do comedor [pendente de confirmación da Instrución].
3. Alumnado en situación de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%.
4. Alumnado membro de familia numerosa.
5. Incompatibilidade polo horario laboral.
6. Outro alumnado do centro, incluído o escolarizado fóra da área de influencia.
7. Persoal docente e non docente que non colabore nos labores de atención.

Criterios de desempate aprobados en Consello Escolar (con acreditación documental):

1. Alumnado pertencente a unidades familiares vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.
2. Alumnado en situación de acollemento residencial ou familiar.
3. Orde alfabética resultante de sorteo público na secretaría do centro o día 30, ás 12:00h. Informarase das letras resultantes na web do centro.

Prazos:

Entrega de solicitudes: do 26 ao 30 xuño. Presencialmente en horario de 09:00 a 14:00.

Publicación listaxe provisional de admitidos: 5 de xullo. Reclamacións: do 6 ao 12 de xullo

Publicación listaxe definitiva: 13 de xullo.

Narón, 23 de xuño de 2023 .

O Director